

acueduto ■ acueducto ■ aqueduct


*Lucus Augusti*, como toda cidade romana, contou dende moi cedo (med. s. I d.C.), cun sistema de abastecemento de auga corrente que resultaba vital á hora de satisfacer as necesidades da poboación, permitindo o funcionamento de fontes, termas, latrinas e sumidoiros. Malia posuír un rico nivel freático, que permitiu unha elemental maneira de se abastecer mediante pozos nun primeiro momento, facíase necesario contar cunha fonte exterior de subministración. Recorreuse á única opción tal vez posible, á construción dun acueduto de captación de mananciais acuíferos dende as ricas fontes do “Monte das Pías”, situado ao NO da cidade. Conservamos aínda vestixios do seu trazado, visibles nun amplo tramo preto da zona de captación ou, como neste caso, xa no interior da cidade, nos que se pode recoñecer como romana a forte argamasa empregada na súa construción.

*Lucus Augusti*, como toda ciudad romana, contó desde muy pronto (s. I d.C.), con un sistema de abastecimiento de agua corriente que resultaba vital a la hora de satisfacer las necesidades de la población, permitiendo el funcionamiento de fuentes, termas, letrinas y alcantarillas. Pese a poseer un rico nivel freático, que permitió una elemental manera de abastecerse mediante pozos en un primer momento, se hacía necesario contar con una fuente exterior de suministro. Se recurrió a la única opción tal vez posible, la construcción de un acueducto de captación de manantiales acuíferos desde las ricas fuentes del “Monte das Pías”, situado al NO de la ciudad. Conservamos aún vestigios de su trazado, visibles en un amplio tramo cerca de la zona de captación o, como en este caso, ya en el interior de la ciudad, en los que se puede reconocer como romana la fuerte argamasa empleada en su construcción.

Esta actuación está incluída na Iniciativa URBANA (Proxecto URBAN) que está a desenvolver o Concello de Lugo, que conta co 80% de cofinanciamento da Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Declaración realizada en cumprimento do art. 8.4 do Regulamento (CE) nº 1828/2006). PO FEDER GALICIA 2007-2013

Esta actuación está incluída en la Iniciativa URBANA (Proyecto URBAN) que desarrolla el Ayuntamiento de Lugo, que cuenta con el 80% de cofinanciación de la Unión Europea a través del Fondo Europeo de Desarrollo Regional (Declaración realizada en cumplimiento del art. 8.4 del Reglamento (CE) nº 1828/2006). PO FEDER GALICIA 2007-2013

DL: LU 154-2012



www.lugo.es/urban www.lugo.es




ACUEDUTO ROMANO DE SAN MARCOS  
ACUEDUCTO ROMANO DE SAN MARCOS

“A distancia de un cuarto de legua de la ciudad por el lado poniente, hay un copioso manantial de excelente agua, donde permanecen todavía grandes trozos de arcas trabajadas de aquella eterna argamasa y menuda mampostería, tan admirada en los romanos, como poco imitada de los modernos. Entre aquel sitio y los muros de la Ciudad se encuentran otros grandes fragmentos del acueducto que conducía dicha agua”.

F. Risco, *España Sagrada*, t. XLI, Madrid, 1798.

ACUEDUTO ROMANO DE SAN MARCOS  
ACUEDUCTO ROMANO DE SAN MARCOS | LVCVS AVGVSTI



\_ Trazado do acueduto romano.\_ Trazado del acueducto romano

A zona de captación do acueduto aproveitaba os ricos mananciais acuíferos da paraxe denominada “Agro do Castiñeiro”, no actual barrio da Piringalla, ao NO da cidade. Unha serie de canles radiais desaugaban noutra transversal provista das correspondentes arquetas de captación, para continuar nun único conduto ata a súa chegada a cidade, nun percorrido duns 2100 m. Durante o percorrido, a principal preocupación dos enxeñeiros romanos era manter unha pendente máis ou menos constante co fin de que a auga correse con regularidade. Por iso non tiveron inconveniente en darlle un trazado sinuoso, con varios xiros ao longo do seu traxecto, co fin de adaptarse ás curvas de nivel e á custa de que a súa lonxitude puidese ser maior.

La zona de captación del acueducto aprovechaba los ricos manantiales acuíferos del paraje denominado “Agro do Castiñeiro”, en el actual barrio de A Piringalla, al NO de la ciudad. Una serie de canales radiales desaguaban en otro transversal provisto de las correspondientes arquetas de captación, para continuar en un único conducto hasta su llegada a la ciudad, en un recorrido de unos 2100 m. Durante el recorrido, la principal preocupación de los ingenieros romanos era la de mantener una pendiente más o menos constante con el fin de que el agua corriera con regularidad. Por eso no tuvieron inconveniente en darle un trazado sinuoso, con varios giros a lo largo de su trayecto, con el fin de adaptarse a las curvas de nivel y a costa de que su longitud pudiese ser mayor.

\_ Canle ou *specus* do acueduto.  
\_ Canal o *specus* del acueducto



A auga circulaba por unha canle (*specus*) de sección rectangular e 28 cm de ancho, con cuberta alintelada ou abovedada, co fin de evitar a contaminación e/ou evaporación da auga. Na maior parte do seu percorrido esta canle marcharía sobreelevada mediante un muro continuo de forte argamasa (*opus caementicium*), de aproximadamente un metro de ancho e unha altura variable, como se pode observar nos vestixios conservados na rúa Mazaira nun tramo de aproximadamente 200 m. Agás naquelas zonas onde existían depresións ou valgadas, como é o caso da rúa e praza da Milagrosa, onde se recorreu á construción dunha estrutura sustentada sobre piares (*arcuationes*), para poder salvar a pendente ata practicamente a súa entrada na cidade, aproveitando a crista topográfica, aproximadamente á altura da porta de San Fernando. Dende este punto, o acueduto discorria probablemente xa soterrado ata o *castellum aquae* ou depósito de distribución, cuxa localización podería situarse na parte alta da praza de Sto. Domingo.

El agua circulaba por un canal (*specus*) de sección rectangular y 28 cm de ancho, con cubierta adintelada o abovedada, con el fin de evitar la contaminación y/o evaporación del agua. En la mayor parte de su recorrido este canal marcharía sobreelevado mediante un muro continuo de fuerte argamasa (*opus caementicium*), de aproximadamente un metro de ancho y una altura variable, como se puede observar en los vestigios conservados en la calle Mazaira en un tramo de aproximadamente 200 m. Excepto aquellas zonas donde existían depresiones o vaguadas, como es el caso de la calle y plaza de la Milagrosa, donde se recurrió a la construcción de una estructura sustentada sobre pilares (*arcuationes*), para poder salvar


la pendiente hasta prácticamente su entrada en la ciudad, aprovechando la cresta topográfica, aproximadamente a la altura de la puerta de San Fernando. Desde este punto, el acueducto discurría probablemente ya soterrado hasta el *castellum aquae* o depósito de distribución, cuya localización podría situarse en la parte alta de la plaza de Sto. Domingo.



\_ Piar pertencente ás arcuationes. \_ Pilar pertenciente a las arcuationes



\_ Muro de *opus caementicium*. \_ Muro de *opus caementicium*



\_ Esquema de construción do encofrado. \_ Esquema de construción del encofrado

As obras de peonalización e adecuación do contorno da rúa San Marcos, con financiamento do plan URBAN, permitiron documentar e poñer en valor un tramo do acueduto romano, que presenta unha remodelación posterior datada probablemente en época medieval. A obra romana é facilmente recoñecible no muro corrido de *opus caementicium* (formigón romano realizado con cuarcitas de mediano tamaño ligadas con morteiro de cal e area), no que se poden observar as pegadas do encofrado de madeira (moldes do entaboado e buratos que atravesan o muro, onde se colocaban os madeiros ou travesas que soportaban o entaboado). Como base da estrutura de *caementicium* emprégase un empedrado de cantos rodados e arxila, máis ancho ca o propio muro.

Las obras de peatonalización y adecuación del entorno de la calle San Marcos, con financiamiento del plan URBAN, permitieron documentar y poner en valor un tramo del acueducto romano, que presenta una remodelación posterior datada probablemente en época medieval. La obra romana es fácilmente reconocible en el muro corrido de *opus caementicium* (hormigón romano realizado con cuarcitas de mediano tamaño ligadas con mortero de cal y arena), en el que se pueden observar las huellas del encofrado de madera utilizado para su construcción (moldes del entablado y agujeros que atraviesan el muro, donde se colocaban los maderos o travesaños que soportaban el entablado). Como base de la estructura de *caementicium* se emplea un empedrado de cantos rodados y arcilla, más ancho que el propio muro.

Aproveitando o trazado do acueduto romano, séculos máis tarde, realízase unha reforma con muros de cachote de lousa e morteiro de cal, resultando máis ancha (1,47 m) que a obra romana onde se asenta. Aínda que non existe constancia documental, os arqueólogos atribúen esta reforma á época medieval, pero non sabemos se o acueduto funcionou de forma continua ao longo dela. Si hai constancia de que a finais do século XVI o Concello intentou arranxalo, para solucionar a falta de auga ante o importante crecemento demográfico e económico da cidade neste momento, aínda que non sabemos se esta obra se levou a cabo. Non será ata mediados do século XVIII cando, por iniciativa do bispo frei Francisco Izquierdo e Távira, se solucione o problema da escaseza de auga coa construción dun novo acueduto, aproveitando os mesmos mananciais que o vello acueduto romano, cun trazado que discorria paralelo á obra romana.



\_ Muro de lousa da reforma medieval. \_ Muro de pizarra da reforma medieval \_ Canalización do século XVIII. \_ Canalización del siglo XVIII

Aprovechando el trazado del acueducto romano, siglos más tarde, se realiza una reforma con muros de mampostería de pizarra y mortero de cal, resultando más ancha (1,47 m) que la obra romana sobre la cual se asenta. Aunque no existe constancia documental, los arqueólogos atribuyen esta reforma a la época medieval, pero no sabemos si el acueducto funcionó de forma continua a lo largo de la misma. Sí hay constancia de que a finales del siglo XVI, el Ayuntamiento intentó arreglarlo, para solucionar la falta de agua ante el importante crecimiento demográfico y económico de la ciudad en este momento, aunque no sabemos si la obra se llegó a llevar a cabo. No será hasta mediados del siglo XVIII cuando, por iniciativa del obispo Fray Francisco Izquierdo y Távira, se solucione el problema de la escasez de agua con la construcción de un nuevo acueducto, aprovechando los mismos manantiales que el viejo acueducto romano y con un trazado que discurría paralelo a la obra romana.